Magdalena, 17. 6. 63.

Querido Valentín: Celebrei que cando me fuches a Vigo te atoparas con toda tua xente ben, especialmente con Pilar. Recibín a tua cando ibas pol'o aeroporto a Madrid. Non é esta a primeira vegada que me escribes cando vas pol'as nubes, a cal pode ser, ou porque aproveitas ises intres para lembrarte dos amigos ceibe da miseria en que vivemos no "fondo do ar" cos teus minutos contados; tamén pode ser que te inspire cando vas perto do ceo zafado, inda que sexa un intre, de tanta miseria que se atopa aí embaixo. Como sexa en agradecelo.

Impresionoume o que me dis da "super-civilización" de Londres e París nos que materialmente non se cabe, inspiración que se comprime e desfai en si mesma. Xustamente me dis que recibín a tua roñosa unha copia versolta dunha verdadeira condena da humanidade medrosa tanto, que era unha verdadeira epidemia de podredume fermentando toda a superficie do planeta, unha xerte non branca; cada home unha burbulla de aceiro remontándose os uns por riba dos outros, as máis apastadas mais aló dos tellados; medio vehículo, tenso, medio cápsula espacial as burbullas eran conducidas por homes a tenor dos seus egoismos para acadar a superficie da enchenta.

É interesante o que dis sobre un amoblamento peculiar a altura da calidade colectiva do que vimos procedente do norde. Isto non é imposible. Hai unha moza persona que poderia orientarvos; Luis Seoane. É posiblemente cando iste te chegue [illegible] o tempo; mais este país está atravesando un momento terrible do que é posible que teñades coñecemento alí. Non somente unha guerra política e unha destrucción en todolos ordenes, [illegible] de dimensións gravísimas no económico e un desastre, consecuencia do "libre comercio" que lles interesa a algúns que están sentindo o seu dereito a un agoiro. Miseria, pois, está fagida a unha mínima seguridade de vida.

Quixera saber que Pilar está ben, o mesmo que o pequeno e ti o que celebrarei.

Unha aperta forte de [illegible]

Laxeiro está facendo unhas cousas meravillosas. Traballa de verdade.